

Guía de procedimientos e servizos

ED301I - Axudas a centros privados concertados para atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos solicitude

Prazo de presentación: 26/10/2017 - 27/11/2017.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes computado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

Prazo de resolución: Cinco meses

Sentido do silencio administrativo:

Documentación

- Coa solicitude formulada conforme o modelo anexo I desta orde, achegarase a seguinte documentación:
 - a) Unha memoria explicativa en que consten as necesidades específicas do centro para atender o alumnado que requira apoio educativo.
 - b) A certificación en que se detalle o alumnado segundo o tipo de discapacidade a que se refire o punto 2 do artigo primeiro desta orde e, se é o caso, o grao recoñecido polo organismo competente.
 - c) No caso de que solicite outras axudas para o mesmo proxecto ou actividade, achegará unha declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos e a súa contía. No caso contrario, declaración de non telas solicitado.
 - d) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, de conformidade co artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o compromiso de manter o cumprimento do mencionado requisito durante o período de tempo de xestión e xustificación da subvención.

As declaracións, se é o caso, das epígrafes c) e d) faranas no modelo do anexo I.

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

- Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Certificación que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Certificación que debe emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Certificación que debe emitir a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

- As solicitudes presentaránse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e as persoas representantes dunha das anteriores.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- As solicitudes estarán asinadas polas persoas representantes dos centros educativos.
- A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. Os interesados responsabilizaránse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.gal

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

SUBDIRECCIÓN XERAL DE CENTROS

SERVIZO DE CENTROS

San Caetano, s/n

15781

Santiago de Compostela

Teléfono: 981546518 Fax: 981546542

Email: sxcentros@edu.xunta.es

Información web: <http://www.edu.xunta.es>

Obxecto

1. O obxecto desta orde é establecer os criterios, os requisitos e o procedemento (código ED3011) para a concesión de axudas económicas aos centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nas correspondentes unidades concertadas, naqueles aspectos que non estean xa cubertos polo concerto educativo, ao longo do curso escolar 2017/18.

2. Enténdese por alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo aquel que requira por un período da súa escolarización, ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade motor, sensorial, intelectual ou trastornos xeneralizados do desenvolvemento e a conduta.

Esta orde terá vixencia temporal para o curso académico 2017/18, desde o día 1 de setembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2018.

Beneficiarios

Os centros docentes privados que teñan concerto vixente coa Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas do 2º ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio e superior.

Requisitos

- Exclúense desta convocatoria de axudas os centros concertados específicos de educación especial e os centros con unidades concertadas de educación especial.

- Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 13 de xuño).

- Para obter estas axudas, os solicitantes terán que estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Comunidade Autónoma.



Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 9 de outubro do 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas a centros privados concertados da Comunidade Autónoma de Galicia para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o curso 2017/18 (DOG nº 203 do 25 de outubro de 2017).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>